

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se publica a Resolución do 9 de maio de 2023 relativa á adxudicación do uso de instalacións xuvenís ao abeiro da Orde do 30 de marzo de 2023, pola que se convoca o procedemento para a concesión do uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís (código de procedemento BS304A).

Mediante a Orde do 30 de marzo de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* número 73, do 17 de abril) establecéronse as bases reguladoras e convocouse o procedemento para adxudicar o uso de instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís, nos termos establecidos na orde e coa distribución de prazas recollida no anexo I desta.

De conformidade co disposto no artigo 9.5 da dita orde de convocatoria, o órgano competente para resolver é a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

Así mesmo, o artigo 10 da citada orde establece que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos e as correspondentes resolucións deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Tras a instrución do procedemento, o 9 de maio de 2023 o órgano competente emite a resolución que finaliza o procedemento de adxudicación do uso de instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 9 de maio de 2023, ditada no procedemento BS304A, relativa á adxudicación



do uso de instalacións xuvenís ao abeiro da Orde do 30 de marzo de 2023 pola que se convoca o procedemento para a concesión do uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís (código de procedemento BS304A), que se xunta como anexo desta resolución.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 9 de maio de 2023 que finaliza este procedemento esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación a través desta publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Non obstante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación a través desta publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2023

Cristina Pichel Toimil
Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

ANEXO

Resolución do 9 de maio de 2023, ditada no procedemento BS304A, relativa á adxudicación do uso de instalacións xuvenís ao abeiro da Orde do 30 de marzo de 2023 pola que se convoca o procedemento para a concesión do uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís (código de procedemento BS304A)

Mediante a Orde do 30 de marzo de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 73, do 17 de abril) establecéronse as bases reguladoras e convocouse o procedemento para adxudicar o uso de instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís, nos termos establecidos na orde e coa distribución de prazas recollida no anexo I desta.



Unha vez comprobadas as solicitudes polo Instituto da Xuventude de Galicia, órgano instrutor do procedemento, a Comisión de Valoración prevista no artigo 9 avaliou as solicitudes admitidas a trámite de acordo cos criterios de adxudicación que se recollen no artigo 8.

Á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulou a proposta de resolución conforme o regulado no artigo 9.

Esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é competente para resolver, por delegación da conselleira de Política Social e Xuventude, segundo o disposto no artigo 9.5.

Con base no exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar o uso temporal de instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís, ás entidades relacionadas no anexo I, nos termos que se expoñen na devandita relación.

Segundo. Denegar o uso de instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís, ás entidades relacionadas no anexo II, por aplicación dos criterios de preferencia e prioridade recollidos no artigo 8.

Terceiro. As entidades adxudicatarias deberán cumprir as obrigas previstas nos artigos 12, 14 e 15 da Orde do 30 de marzo de 2023.

A documentación indicada nos citados artigos deberá presentarse electronicamente e dirixirse ao Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude correspondente á provincia en que estea a instalación adxudicada, conforme o sinalado nos artigos 7, 12 e 14 da orde.

Se, transcorridos os prazos que se indican nos citados artigos, non se cumpren as obrigas correspondentes, logo do trámite de audiencia da entidade interesada, declararase a perda do dereito á instalación adxudicada, a través da oportuna resolución que será ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Cuarto. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Non obstante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Quinto. A publicación desta resolución producirá os efectos de notificación, nos termos establecidos no artigo 10 da Orde do 30 de marzo de 2023 e no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2023. A conselleira de Política Social e Xuventude. P.D. (Artigo 9 da Orde do 30.3.2023), Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

ANEXO I Procedemento BS304A

Entidades adxudicatarias:

Expediente	Entidade adxudicataria	Localidade	Instalación adxudicada	Datas	Prazas
2023/12	Asociación cultural Escola de Música de Rianxo	Rianxo (A Coruña)	A.X. Marina Española	26.6-28.6	90
2023/19	Asociación cultural, deportiva e xuvenil Acuxuve	Vedra (A Coruña)	A.X. Marina Española	4-7.9	70
2023/11	Asociación cultural Xeración	Ferrol (A Coruña)	A.X. Marina Española	1-10.9	20
2023/24	Escola de Tempo Libre Arenaria	Padrón (A Coruña)	C.X. Virxe de Loreto	26.8-2.9	34
2023/4	Concello de Negreira	Negreira (A Coruña)	C.X. Virxe de Loreto	26.8-4.9	50
2023/13	Concello da Baña	A Baña (A Coruña)	C.X. Virxe de Loreto	26.8-4.9	25
2023/22	Concello de Barbadás	Barbadás (Ourense)	C.X. Espiñeira	30.8-1.9	40
2023/2	Concello de Touro	Touro (A Coruña)	C.X. Espiñeira	26.8-4.9	30
2023/5	Concello de San Cibrao das Viñas	San Cibrao das Viñas (Ourense)	A.X. Area	21-29.6	100



Expediente	Entidade adxudicataria	Localidade	Instalación adxudicada	Datas	Prazas
2023/15	Concello de Viana do Bolo	Viana do Bolo (Ourense)	C.X. A Devesa	26.8-1.9	80
2023/8	Concello da Estrada	A Estrada (Pontevedra)	C.X. A Devesa	26.8-4.9	40
2023/25	Federación Galega de Piragüismo Pontevedra	Pontevedra (Pontevedra)	C.X. Entrimo	26.8-4.9	46
2023/6	Asociación cultural e xuvenil Muíños	Boqueixón (A Coruña)	A.X. As Sinas	22-29.6	120
2023/3	Asociación solidaria en actividades de lecer e tempo libre Mar de Touro	Ribeira (A Coruña)	C.X. Pontemariil	26.8-31.8	59
2023/28	Organización Juvenil Española	A Coruña (A Coruña)	C.X. Illa de Ons	21.8-28.8	40

**ANEXO II
Procedemento BS304A**

Entidades non adxudicatarias:

Expediente	Entidades non adxudicatarias	Motivo
2023/07	Asociación Cultural Os Tres Reinos	Aplicación dos criterios de preferencia e prioridade regulados no artigo 8 da orde.
2023/17	Asociación Banda de Música Cultural de Teo	Aplicación dos criterios de preferencia e prioridade regulados no artigo 8 da orde.
2023/18	Concello de Boqueixón	Aplicación dos criterios de preferencia e prioridade regulados no artigo 8 da orde.
2023/20	Concello de Bergondo	Aplicación dos criterios de preferencia e prioridade regulados no artigo 8 da orde.
2023/21	Urban Cross Culture	Aplicación dos criterios de preferencia e prioridade regulados no artigo 8 da orde.
2023/23	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Aplicación dos criterios de preferencia e prioridade regulados no artigo 8 da orde.
2023/26	Asociación Galega de Familias de Acolida Acougo	Aplicación dos criterios de preferencia e prioridade regulados no artigo 8 da orde.

